

No artigo 12º.2 do referido anexo I da orde, establecese que, en caso de que se produza algunha renuncia, o órgano de resolución da convocatoria poderá adxudicar a axuda aos solicitantes da lista de espera, sempre e cando a renuncia se produza dentro do prazo dos nove meses a partir da data de resolución. O substituto quedará suxeito ás mesmas condicións e polo tempo restante do aproveitamento da axuda. En ningún caso o período correspondente á substitución poderá rematar máis alá da data xeral de finalización indicada para os contratos na correspondente resolución. Igual contido se reflicte no artigo 12º.2 do anexo II, e no artigo 12º.2 do anexo III da orde de convocatoria.

Moitos beneficiarios destes programas de formación de investigadores solicitaron tamén as axudas para bolsas e contratos dos programas de formación do Ministerio de Ciencia e Innovación. A diferenza doutros anos, neste exercicio, a resolución destas axudas estatais prodúcese nun momento no que impide o funcionamento previsto do sistema de substitucións regulado no referido artigo 12º.2 dos anexos I, II e III da referida orde de convocatoria, polo que, co fin de viabilizar este proceso de substitucións por renuncia, procede modificar estes preceptos da orde de convocatoria.

Consecuentemente con todo o anterior, o conselleiro de Economía e Industria en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada parcialmente polas leis 11/1988, do 20 de outubro; 12/1989, do 4 de outubro, e 2/2007, do 28 de maio,

#### *DISPÓN:*

Artigo único.-Modifícanse no artigo 12.2º do anexo I, no artigo 12º.2 do anexo II, e no artigo 12º.2 do anexo III da orde da Consellería de Economía e Industria do 24 de setembro de 2009 (DOG do 25 de setembro), os prazos establecidos de nove meses a partir da data da resolución para os efectos de que as renuncias poidan dar lugar ás substitucións.

Os artigos sinalados quedan redactados do seguinte xeito no parágrafo afectado:

«2. En canto ás substitucións, no caso de que se produza algunha renuncia, o órgano de resolución da convocatoria poderá adxudicar a axuda aos solicitantes da lista de espera, sempre e cando a renuncia se produza dentro do prazo dos once meses a partir da data de resolución. O substituto quedará suxeito ás mesmas condicións e polo tempo restante do aproveitamento da axuda. En ningún caso o período correspondente á substitución poderá rematar máis alá da data xeral de finalización indicada para os contratos na correspondente resolución».

#### *Disposición derradeira*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2010.

Javier Guerra Fernández  
Conselleiro de Economía e Industria

## **CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

*Orde do 8 de novembro de 2010 pola que se amplía o prazo para xustificación de gastos previsto na Orde do 25 de xuño de 2010 pola que se anuncia a convocatoria para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego dos centros de titularidade pública de Galicia que imparten ensinanzas regadas de niveis non universitarios, para o curso escolar 2010-2011.*

Na base 16, xustificación de gastos, da referida orde establecese como data límite para entrega das facturas correspondentes ao último cuadrimestre de 2010 e con cargo as cales se pagará o anticipo do 25% o 15 de novembro de 2010.

Para garantir o cumprimento da orde, e ao non ser posible a publicación da listaxe de concesión de axudas con tempo suficiente para os centros poderen xustificar os seus gastos no prazo inicialmente establecido e dado que non se causa prexuízo a terceiros procede ampliar o referido prazo.

En uso das facultades que me foron conferidas pola normativa en aplicación

#### *DISPOÑO:*

Artigo único.-Ampliar o prazo previsto no parágrafo segundo da base 16, referido á entrega de facturas correspondentes ao último cuadrimestre de 2010 e con cargo as cales se pagará o anticipo á conta do 25%, ao 11 de decembro de 2010.

#### *Disposición derradeira*

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2010.

Jesús Vázquez Abad  
Conselleiro de Educación e Ordenación  
UniversitariaUniversitaria

*Orde do 8 de setembro de 2010 pola que se autorizan, con carácter experimental, os centros plurilingües na Comunidade Autónoma de Galicia, para o curso 2010-2011.*

De conformidade co establecido no artigo 16 da orde desta consellería do 30 de xuño de 2010 (DOG do 6 de xullo) pola que se regulan, con carácter experimental, os centros plurilingües na Comunidade Autónoma de Galicia, para o curso 2010-2011, esta consellería

#### *RESOLVE:*

Primeiro.-Autorizar os centros plurilingües que se relacionan no anexo desta orde.

Segundo.-Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpor recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. De non considerar oportuna a interposición do citado

recurso poderán formular directamente, recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, conforme se establece na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2010.

Jesús Vázquez Abad  
Conselleiro de Educación e Ordenación  
Universitaria

**ANEXO**  
**Centros autorizados**

Cod. centro	Centro	Idioma	Cód. materia	Materia	Observación	Cód. curso	Curso	Ensinanza
15001665	CPI Antonio Orza Couto	Inglés	4003	Educación artística	Só plástica	51	1º Ed. primaria	Educación primaria
15003200	CPR Manuela Rial Mouzo	Inglés	4003	Educación artística	Só plástica	51	1º Ed. primaria	Educación primaria
15003376	CPI O Cruce	Inglés	4003	Educación artística	Só plástica	51	1º Ed. primaria	Educación primaria
15004083	CPR Compañía de María	Inglés	4006	Coñecemento do medio natural, social e cultural		51	1º Ed. primaria	Educación primaria
15004083	CPR Compañía de María	Inglés	4004	Educación física		51	1º Ed. primaria	Educación primaria
15004083	CPR Compañía de María	Inglés	3010	Relixión católica		62	1º ESO	Educación secundaria obligatoria
15004083	CPR Compañía de María	Inglés	201941	Proxecto interdisciplinar		62	1º ESO	Educación secundaria obligatoria
15004265	CPR Liceo La Paz	Inglés	4006	Coñecemento do medio natural, social e cultural		51	1º Ed. primaria	Educación primaria
15004460	CPR Peñarredonda	Inglés	4004	Educación física		51	1º Ed. primaria	Educación primaria
15004460	CPR Peñarredonda	Inglés	4007	Relixión católica		51	1º Ed. primaria	Educación primaria
15004460	CPR Peñarredonda	Inglés	4003	Educación artística	Só plástica	51	1º Ed. primaria	Educación primaria
15004460	CPR Peñarredonda	Inglés	3003	Educación plástica e visual		62	1º ESO	Educación secundaria obligatoria
15004460	CPR Peñarredonda	Inglés	201941	Proxecto interdisciplinar		62	1º ESO	Educación secundaria obligatoria
15004538	CPR Salesiano San Juan Bosco	Inglés	4003	Educación artística	Só plástica	51	1º Ed. primaria	Educación primaria
15004770	CPR Esclavas Sagrado Corazón de Jesús	Inglés	4003	Educación artística	Só plástica	51	1º Ed. primaria	Educación primaria
15004770	CPR Esclavas Sagrado Corazón de Jesús	Inglés	3003	Educación plástica e visual		62	1º ESO	Educación secundaria obligatoria
15004770	CPR Esclavas Sagrado Corazón de Jesús	Inglés	201941	Proxecto interdisciplinar		62	1º ESO	Educación secundaria obligatoria
15004964	CEIP Concepción Arenal	Inglés	4003	Educación artística	Só plástica	51	1º Ed. primaria	Educación primaria
15005221	IES Eusebio da Guarda	Inglés	201941	Proxecto interdisciplinar		62	1º ESO	Educación secundaria obligatoria
15005221	IES Eusebio da Guarda	Inglés	3010	Relixión católica		62	1º ESO	Educación secundaria obligatoria
15005828	CEIP de Tarrio	Inglés	4003	Educación artística	Só plástica	51	1º Ed. primaria	Educación primaria
15006390	CPR Jesús Maestro	Inglés	4003	Educación artística		51	1º Ed. primaria	Educación primaria
15010681	CEIP Alexandre Rodríguez Cadarso	Inglés	4005	Matemáticas		51	1º Ed. primaria	Educación primaria
15011002	CPR Hijas de Cristo Rey	Inglés	4003	Educación artística	Só plástica	51	1º Ed. primaria	Educación primaria
15011002	CPR Hijas de Cristo Rey	Inglés	4004	Educación física		51	1º Ed. primaria	Educación primaria
15011002	CPR Hijas de Cristo Rey	Inglés	3003	Educación plástica e visual		62	1º ESO	Educación secundaria obligatoria
15011002	CPR Hijas de Cristo Rey	Inglés	3002	Educación física		62	1º ESO	Educación secundaria obligatoria
15011002	CPR Hijas de Cristo Rey	Inglés	201941	Proxecto interdisciplinar		62	1º ESO	Educación secundaria obligatoria
15012262	CEIP da Serra de Outes	Inglés	4003	Educación artística	Só plástica	51	1º Ed. primaria	Educación primaria
15014544	CEIP O Grupo	Inglés	4003	Educación artística	Só plástica	51	1º Ed. primaria	Educación primaria
15014738	CPI dos Dices	Inglés	3003	Educación plástica e visual		62	1º ESO	Educación secundaria obligatoria
15015241	CPR Ntra. Sra. Inmaculada	Inglés	4003	Educación artística	Só plástica	51	1º Ed. primaria	Educación primaria
15015603	CPR La Salle	Inglés	4006	Coñecemento do medio natural, social e cultural		51	1º Ed. primaria	Educación primaria
15015603	CPR La Salle	Inglés	4003	Educación artística	Só plástica	51	1º Ed. primaria	Educación primaria
15015603	CPR La Salle	Inglés	3000	Ciencias da natureza		62	1º ESO	Educación secundaria obligatoria
15015603	CPR La Salle	Inglés	201941	Proxecto interdisciplinar		62	1º ESO	Educación secundaria obligatoria
15015755	IES Rosalía de Castro	Inglés	3001	Ciencias sociais, xeografía e historia		62	1º ESO	Educación secundaria obligatoria

Cod. centro	Centro	Idioma	Cód. materia	Materia	Observación	Cód. curso	Curso	Ensinanza
15015779	CPR Ntra. Sra. de los Remedios	Inglés	4004	Educación física		51	1º Ed. primaria	Educación primaria
15016012	CEIP Cardeal Quiroga Palacios	Inglés	4006	Coñecemento do medio natural, social e cultural		51	1º Ed. primaria	Educación primaria
15017880	CPI de Fonte-Díaz	Inglés	4003	Educación artística	Só plástica	51	1º Ed. primaria	Educación primaria
15021780	CEIP Bragade	Inglés	4006	Coñecemento do medio natural, social e cultural		51	1º Ed. primaria	Educación primaria
15024963	CEIP de Andrade	Inglés	4003	Educación artística	Só plástica	51	1º Ed. primaria	Educación primaria
15025670	CEIP Isidro Parga Pondal	Inglés	4003	Educación artística	Só plástica	51	1º Ed. primaria	Educación primaria
15026121	IES Xosé Neira Vilas	Francés	201941	Proxecto interdisciplinar		62	1º ESO	Educación secundaria obligatoria
15026121	IES Xosé Neira Vilas	Francés	3001	Ciencias sociais, xeografía e historia		62	1º ESO	Educación secundaria obligatoria
15026388	IES Fontexería	Inglés	3003	Educación plástica e visual		62	1º ESO	Educación secundaria obligatoria
15026421	IES Rafael Dieste	Inglés	201941	Proxecto interdisciplinar		62	1º ESO	Educación secundaria obligatoria
15026421	IES Rafael Dieste	Inglés	3002	Educación física		62	1º ESO	Educación secundaria obligatoria
15026716	IES Adormideras	Inglés	3000	Ciencias da natureza		62	1º ESO	Educación secundaria obligatoria
15026716	IES Adormideras	Inglés	3010	Relixión católica		62	1º ESO	Educación secundaria obligatoria
15032157	CPR Andaina	Inglés	4006	Coñecemento do medio natural, social e cultural		51	1º Ed. primaria	Educación primaria
27004465	CPR Nuestra Señora del Pilar	Inglés	4003	Educación artística	Só plástica	51	1º Ed. primaria	Educación primaria
27005020	CEIP Lagostelle	Inglés	4006	Coñecemento do medio natural, social e cultural		51	1º Ed. primaria	Educación primaria
27014811	IES Fontem Albei	Inglés	3003	Educación plástica e visual		62	1º ESO	Educación secundaria obligatoria
27014811	IESFontem Albei	Inglés	201941	Proxecto interdisciplinar		62	1º ESO	Educación secundaria obligatoria
27014847	CEIP do Corgo	Inglés	4003	Educación artística	Só plástica	51	1º Ed. primaria	Educación primaria
27015751	CEIP Vista Alegre	Inglés	4003	Educación artística	Só plástica	51	1º Ed. primaria	Educación primaria
32002951	CEIP Calvo Sotelo	Inglés	4003	Educación artística	Só plástica	51	1º Ed. primaria	Educación primaria
32003783	CPR Sagrado Corazón	Inglés	4003	Educación artística	Só plástica	51	1º Ed. primaria	Educación primaria
32008604	CPR Santa María	Inglés	4006	Coñecemento do medio natural, social e cultural		51	1º Ed. primaria	Educación primaria
32011305	CPI Tomás de Lemos	Inglés	4003	Educación artística	Só plástica	51	1º Ed. primaria	Educación primaria
32014151	CEIP de Vilar de Barrio	Inglés	4003	Educación artística	Só plástica	51	1º Ed. primaria	Educación primaria
32014151	CEIP de Vilar de Barrio	Inglés	4006	Coñecemento do medio natural, social e cultural		51	1º Ed. primaria	Educación primaria
32016066	CPR Vila do Arenteiro	Inglés	4003	Educación artística	Só plástica	51	1º Ed. primaria	Educación primaria
32020781	CEIP O Ruxidoiro	Inglés	4003	Educación artística	Só plástica	51	1º Ed. primaria	Educación primaria
32020781	CEIP O Ruxidoiro	Inglés	4005	Matemáticas		51	1º Ed. primaria	Educación primaria
36002323	CPR Nuestra Señora de Lourdes	Inglés	4006	Coñecemento do medio natural, social e cultural		51	1º Ed. primaria	Educación primaria
36005427	CPR Lar	Inglés	4006	Coñecemento do medio natural, social e cultural		51	1º Ed. primaria	Educación primaria
36005427	CPR Lar	Inglés	4003	Educación artística	Só plástica	51	1º Ed. primaria	Educación primaria
36005427	CPR Lar	Inglés	3001	Ciencias sociais, xeografía e historia		62	1º ESO	Educación secundaria obligatoria
36006705	CPR Ntra. Sra. de los Dolores	Inglés	4003	Educación artística	Só plástica	51	1º Ed. primaria	Educación primaria
36007515	CPR Santiago Apóstol	Inglés	4006	Coñecemento do medio natural, social e cultural		51	1º Ed. primaria	Educación primaria
36007515	CPR Santiago Apóstol	Inglés	4003	Educación artística	Só plástica	51	1º Ed. primaria	Educación primaria
36007643	CEIP Outeiro das Penas	Inglés	4003	Educación artística	Só plástica	51	1º Ed. primaria	Educación primaria
36009123	CPR María Inmaculada	Inglés	4003	Educación artística	Só plástica	51	1º Ed. primaria	Educación primaria
36009846	CEIP nº 1	Inglés	4003	Educación artística	Só plástica	51	1º Ed. primaria	Educación primaria
36010435	CPR El Castro	Inglés	4003	Educación artística	Só plástica	51	1º Ed. primaria	Educación primaria
36011191	CPR Montecastelo	Inglés	4003	Educación artística		51	1º Ed. primaria	Educación primaria
36011191	CPR Montecastelo	Inglés	4004	Educación física		51	1º Ed. primaria	Educación primaria
36011191	CPR Montecastelo	Inglés	4007	Relixión católica		51	1º Ed. primaria	Educación primaria
36011191	CPR Montecastelo	Inglés	3003	Educación plástica e visual		62	1º ESO	Educación secundaria obligatoria
36011191	CPR Montecastelo	Inglés	201941	Proxecto interdisciplinar		62	1º ESO	Educación secundaria obligatoria
36011211	CPR San Miguel 2	Inglés	4003	Educación artística	Só plástica	51	1º Ed. primaria	Educación primaria
36011831	CPR Las Acacias	Inglés	4003	Educación artística		51	1º Ed. primaria	Educación primaria

Cod. centro	Centro	Idioma	Cód. materia	Materia	Observaciones	Cód. curso	Curso	Ensinanza
36011831	CPR Las Acacias	Inglés	3003	Educación plástica e visual		62	1º ESO	Educación secundaria obligatoria
36011831	CPR Las Acacias	Inglés	201941	Proxecto interdisciplinar		62	1º ESO	Educación secundaria obligatoria
36015354	CEIP da Carrasqueira	Inglés	4003	Educación artística		51	1º Ed. primaria	Educación primaria
36015536	CEIP A Reigosa	Inglés	4003	Educación artística	Só plástica	51	1º Ed. primaria	Educación primaria
36015810	CEIP Sobreira-Valadares	Inglés	4006	Coñecemento do medio natural, social e cultural		51	1º Ed. primaria	Educación primaria
36015810	CEIP Sobreira-Valadares	Inglés	4003	Educación artística	Só plástica	51	1º Ed. primaria	Educación primaria
36017715	CEIP Antonio Palacios	Inglés	4003	Educación artística	Só plástica	51	1º Ed. primaria	Educación primaria

*Orde do 5 de novembro de 2010 pola que se modifica a Orde do 7 de xullo de 2009, pola que se dá publicidade á relación de postos de traballo do profesorado de relixión.*

Pola Orde do 7 de xullo de 2009 (DOG do 10 de xullo) dáselle publicidade á relación de postos de traballo do profesorado de relixión dos centros de educación infantil, educación infantil e primaria, educación primaria, educación especial, centros públicos integrados e institutos de educación secundaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Pola Orde do 12 de agosto de 2010 (DOG do 23 de agosto) establecese o número de unidades e postos de traballo docentes dos centros públicos dependentes desta consellería nos niveis de educación infantil, primaria e educación especial.

Tendo en conta a modificación de unidades que se reflicte na referida Orde do 31 de xullo de 2010, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

## *DISPÓN:*

## Artigo único.

Publicar a relación de postos de traballo do profesorado de relixión dos centros de educación infantil.

til, educación infantil e primaria, educación primaria, educación especial, centros públicos integrados e institutos de educación secundaria dependientes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Contra esa orde, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro) de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2010.

Jesús Vázquez Abad  
Conselleiro de Educación e Ordenación  
Universitaria

## *ANEXO I*

## **Relación de postos de traballo do profesorado de relixión católica nos niveis de educación infantil e primaria**